



CONCELLO DE BARBADÁS

BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA ADMINISTRATIVO/A PARA O CENTRO EMPRESARIAL TRANSFRONTERIZO E TURISMO.

1. CONVOCATORIA.

As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento de selección que se aplicará na selección dun/ha administrativo/a para prestar servizos no Concello de Barbadás, no ámbito da Concellaría de Promoción Económica e Turismo para os anos 2019-2020, en tanto non se cubra regulamentariamente a praza. As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Barbadás, sito en Cimadevila, 1, nas oficinas municipais da Valenzá, na páxina web do Concello, e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

2.- DURACIÓN DO CONTRATO.

a) O contrato iniciarase cando se remate o proceso selectivo, e finalizará o 31 de decembro do ano 2020.

O/a seleccionado/a realizará as labores correspondentes ao seu posto de traballo no horario, e xornada de mañá e/ou tarde, sinalado ao efecto pola Concellaría responsable.

Deste xeito, a relación rexerá pola lexislación laboral e o contrato que se lles realizará á persoa seleccionada é de obra ou servizo determinado, e redactarase ao abeiro do RD 2720/1998 do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Para afrontar o presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente Presuposto de gastos.

3.- RETRIBUCIÓN.

Ao persoal temporal corresponderánlle as retribucións íntegras do posto de traballo para o que se contrata, de conformidade coa Relación de Postos de Traballo en vigor, ou o salario equivalente no caso de que dito posto non estivera contemplado na RPT.

4.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participaren no concurso:





CONCELLO DE BARBADÁS

a) Nacionalidade.- Ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os/as nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os/as estranxeiros/as que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus/súas descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os/as estranxeiros/as que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación.- Bacharelato, ou Formación Profesional de Grao 2. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

d) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ser separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ao emprego público.

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os/as interesados/as deberán presentar as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello ata as 13.00 horas do sétimo día hábil seguinte ao da publicación do correspondente anuncio nun dos diarios de maior circulación, mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, achegando a seguinte documentación:

- A titulación esixida para participar no concurso.
- Fotocopia en vigor do DNI ou da tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.





CONCELLO DE BARBADÁS

- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Relación de méritos que alega, e documentos xustificativos dos mesmos en orixinal ou fotocopia compulsada.
- Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares as do posto ofertado, para determinar a experiencia.
- Vida Laboral.
- Contratos de traballo.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Logo de rematado o prazo de presentación de instancias a Concellería delegada en materia de persoal ditará unha resolución na que se aprobará a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, que será exposta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Barbadás.

Os/as aspirantes excluídos/as e omitidos/as disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución, para emendar o defecto que motivase a exclusión.

7.- MÉRITOS A VALORAR PARA A SELECCIÓN.

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

I) **Experiencia profesional.**- Por ter desempeñado **IDÉNTICO OU SEMELLANTE POSTO DE TRABALLO**, ata un máximo de **10 puntos**. A experiencia profesional acreditarase mediante un informe da vida laboral, acompañadas dos contratos correspondentes ou certificados de empresa.

- a) Por cada mes de servizos prestados nas administracións públicas, 0,125 puntos
- b) Por cada mes de servizos prestados no sector privado, 0,125 puntos por mes

II) **Formación especializada.**- Pola realización de cursos ou xornadas **RELACIONADAS CO CONTIDO DO POSTO DE TRABALLO**, ata un máximo de **6 puntos**.

- a) Por xornadas, diplomas, etc., 0,10 puntos, ata un máximo de 0,50 puntos.
- b) Cursos de ata 50 horas, 0,15 puntos por curso.





CONCELLO DE BARBADÁS

- e) Cursos de 50 horas ou máis, 0,25 puntos por curso.
- d) Cursos de 100 horas ou máis, 0,30 puntos por curso.
- e) Máster, 0,50 puntos por Master.

III) Titulación.- Por titulación superior á esixida para o desempeño do **posto e relacionada co posto de traballo**

- a) Técnico superior FP: 1 punto
- b) Diplomatura: 2 puntos
- c) Licenciatura ou grado: 3 puntos

- Solo se valorará a titulación de ámbito superior.

IV) Idioma galego.

A puntuación máxima neste apartado será de **4 puntos**.

1.-Por coñecemento acreditado do idioma galego a través de títulos celga, computarase unicamente o grao superior alegado

- CELGA 1: 0,40 puntos
- CELGA 2: 0,80 puntos
- CELGA 3: 1,20 puntos
- CELGA 4: 1,60 puntos
- CELGA 5: 2 puntos

Soamente se valorará o curso de maior nivel. Para calquera titulación distinta das anteriores, estarase ao disposto na ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). DOG núm. 34, 19 de febrero de 2014.

2.- Por cursos de linguaxe administrativa:

- Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa media: 1,5 puntos.
- Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa superior: 2 puntos.

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

Só se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos Cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.





CONCELLO DE BARBADÁS

O resultado da fase do concurso publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Barbadás.

8.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

- a) O tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, que serán designados pola Concellaría delegada en materia de Persoal na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.
- b) A composición dos tribunais axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ao previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei de Emprego público de Galiza 2/2015 de 29 de abril.
- c) O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto.

9.- VALORACIÓN DE MÉRITOS , CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia e pola seguinte orde:

- Puntuación pola orde das letras do baremo.
- Persoas que teñan recoñecido o grado de minusvalía mínimo esixido.
- Solicitante de maior idade.
- Pola letra vixente no resultado do sorteo que é establecido pola Comunidade Autónoma , a efectos de procesos selectivos.

Á vista da valoración de méritos, o tribunal fará públicas as puntuacións provisionais outorgadas ,no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Contra esta valoración os/as interesados/as poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á dita publicación.

Logo de resoltas as reclamacións, se as houbera, o tribunal publicará a listaxe definitiva de puntuación por orde de prelación e propondrá para a contratación o/a aspirante que obtivera a maior puntuación.

10.- BOLSA DE TRABALLO.





CONCELLO DE BARBADÁS

O resto de aspirantes que non obtiveron a puntuación necesaria para ser seleccionados/as, formaran parte dunha bolsa de traballo para cubrir o posto do traballador/a en caso necesario e que estarán en vigor ata a entrada en vigor da bolsa de emprego do Concello de Barbadás.

A non presentación no posto de traballo o día e a hora indicadas para o comezo da relación laboral, entenderase como renuncia ao posto de traballo, agás causas debidamente xustificadas. Neste caso acudiríase tamén a lista antes mencionada.

Acudirase tamén a esta lista cando, iniciada a relación laboral, a persoa contratada deixase de prestar servizos por non superar o período de proba ou cese definitivo ou temporal no desempeño das funcións do emprego que se oferta.

11.- PERÍODO DE PROBA.

Para adquirir a condición de persoal laboral temporal, o/a aspirante seleccionado/a deberá superar satisfactoriamente un período de proba, de conformidade co establecido no artigo 14 do vixente R.D. Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

Tras o proceso de selección e á vista da proposta que formule o tribunal cualificador, o Alcalde, no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de contratación de persoal, subscribirá o correspondente contrato laboral co/a aspirante proposto/a polo tribunal, que pasará a ter a condición de persoal laboral de contratación temporal a cargo deste concello.

O acordo definitivo de contratación que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de todos/todas os/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

Os/as candidatos/as seleccionados/as deberán, con carácter obrigatorio e previo a súa contratación, achegar informe médico de non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o exercicio das súas tarefas.

Barbadás, 21 de marzo de 2019

O ALCALDE





CONCELLO DE BARBADÁS

